

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA, O SERVIZO GALEGO DE SAUDE, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E O CENTRO INFORMÁTICO PARA XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANCIERA E CONTABLE PARA A ACTUALIZACIÓN TECNOLÓXIA DE SOFTWARE DE SERVIDOR, BACKOFFICE E ESCRITORIO DA XUNTA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,
DECLARA:

Que esta Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar co Servizo Galego de Saúde, co Instituto Galego de Promoción Económica, e co Centro Informático para a xestión tributaria, económico-financiera e contable o instrumento convencional arriba referido por un período ata o momento que se extingan os contratos formalizados, con data límite do 31 de decembro de 2022, sen prexuízo das posibles prórrogas (por períodos anuais ata o máximo de 4 anos) que se acorden e instrumente a través dunha addenda a este Convenio na que se fixará a prórroga e os correlativos compromisos das partes.

O obxecto do presente convenio é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o Servizo Galego de Saúde, o Instituto Galego de Promoción Económica, o Centro Informático para a xestión tributaria, económico-financiera e contable para o financiamento conxunto do contrato de subministro e actualización tecnolóxica de software de servidor, backoffice e escritorio existente en diferentes organismos e entes dependentes da Xunta de Galicia.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase en que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia é unha axencia publica autonómica, creada polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro. De conformidade co disposto na disposición adicional terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia, a Amtega está adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia.

A Amtega ten como obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa ás tecnoloxías da información e comunicacións, innovación e desenvolvemento tecnolóxico, concentrando os recursos humanos, materiais e orzamentarios asociados ás estruturas de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) do sector público autonómico.

Entre as funcións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia atópanse as seguintes:

- A xestión da infraestrutura de sistemas dos centros de proceso de datos da rede corporativa da Xunta de Galicia e establecemento das políticas de apoio destes centros.
- A planificación, implantación e xestión da plataforma tecnolóxica: servidores, sistemas de almacenamento e software de base da Xunta de Galicia.
- O mantemento e soporte permanente da infraestrutura de sistemas: supervisión e monitorización da plataforma tecnolóxica, así como administración, instalación, configuración e explotación da infraestrutura de sistemas.
- A evolución e optimación da plataforma hardware y software de base.



Debido ao constante cambio tecnolóxico e ás continuas melloras nas prestacións e funcionalidades que afectan a todas as infraestruturas hardware e software do mercado e, en particular, aos instalados nas plataformas de servidor, backoffice e escritorio da Xunta de Galicia, é necesario proceder á actualización das compoñentes software para así poder satisfacer as novas necesidades e, así mesmo, poder ser executadas de forma eficaz no novo hardware.

Para a esta actualización tecnolóxica é necesario acudir á contratación pública. O artigo 15.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (Diario Oficial de Galicia núm. 17, do 27 de xaneiro de 2014), establece a posibilidade de celebrar convenios de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común, que se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si. A modalidade de actuación no financiamento conxunto deste contrato será a establecida no artigo 16.a) de dita Lei.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

